

A invasiÃ³n de Colombia mÃ¡is perfilada

Description

As hipÃ³teses que se manexan sobre a rexionalizaciÃ³n do conflito Colombiano nunha acciÃ³n multinacional planificada polos EEUU, na que participarÃ­an tamÃ©n Brasil, Bolivia e PerÃº -ou mesmo Arxentina-, vÃ­ronse reforzadas coas informaciÃ³ns, feitas pÃºblicas o domingo pola frecuencia Latina Canal 2-TV de Lima, nas que se pormenorizaba a estratexia intervencionista, planificada para comezos do 2000.

Tanto Brasil coma Colombia xa se apresuraron a negar calquera verosimilitude Ã noticia, pero a detallada exposiciÃ³n do Plano, asÃ­ coma a estreita relaciÃ³n da canle de TV co Servizo de Intelixencia Nacional de PerÃº outÃ³rganlle un plus de credibilidade.

Segundo a citada fonte Barry McCaffrey, o alcumado Tsar Antidroga, que viaxou a Lima acompañado por destacados membros da CIA, terÃ­a plantexado, baixo a etiqueta de Top Secret, unha estratexia de acciÃ³n conxunta con Brasil, Bolivia, PerÃº e Arxentina, que comporÃ­an unha forza multinacional disposta a intervir a partir de xaneiro do 2000. Ata esta data o presidente Pastrana dispÃ³n de marxe para avanzar na súa teimuda estratexia negociadora coas FARC-EP. A partir de entÃ³n o presidente de Colombia verÃ­ase forzado a declarar o estado de excepciÃ³n que darÃ­a cobertura as acciÃ³ns intervencionistas.

O mÃ¡is sorprendente dos datos que se coñecen Ã© a precisiÃ³n dunha operaciÃ³n, da que se detalla ata a súa composiciÃ³n, xa que estarÃ­a formada por cinco batallÃ³ns que actuarÃ­an en diversos frontes e serÃ­an adestrados en norteamÃ©rica.

As forzas multinacionais compostas por soldados de PerÃº, Brasil e Ecuador actuarÃ­an por terra, mentres portaaviÃ³ns dos EEUU darÃ­an cobertura coa súa artillerÃ­a e a súa aviaciÃ³n Ãs acciÃ³ns terrestres. No plano exposto polo Tsar considÃ©rase imprescindible, ao contrario que no Kosovo, o avance terrestre coma Ãºnica forma de vencer Ãs afortaladas FARC.

A pesares do Ã­mpeto do Tsar por atopar aliados na súa particular cruzada contra do quimÃ©rico eixo Cuba-Venezuela-FARC, non parece doado que os gobernos latinoamericanos se implique en operaciÃ³ns que non serÃ­an entendidas polos seus cidadÃ¡ns, anque tamÃ©n Ã© certo que crecente nÃºmero de mortos e desaparecidos en Colombia pode precipitar as acciÃ³ns militares.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

LatinoamÃ©rica ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Agosto 31, 1999

Meta Fields

Autoria : 10036

Datapublicacion : 1999-08-31 00:00:00